



2ª ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCION DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL INTERINA, A MEDIA XORNADA, REXIME XURIDICO FUNCIONARIAL.

En Samos, a 02 de marzo de 2021 sendo as 10:00 horas, e no Salón de Plenos da Casa do Concello se reúne o tribunal de valoración para a selección dun/a praza de traballador/a social interino, a media xornada polo procedemento de oposición libre . O proceso de selección farase segundo as bases aprobadas polo Resolución de Alcaldía de data 30 de outubro de 2020. O Tribunal queda constituído como segue, segundo Resolución da Alcaldía de data 11 de febreiro de 2021:

Presidente	D ^a . Margarita Viña Santos, Traballadora Social do Concello de Portomarín
Secretario	D ^a Luisa Fernández Pérez, Secretaria-Interventora do Concello de Samos.
Vogais	D. Rafael Castillo Reboiro, Secretario-Interventor do Concello de Pobra de Brollón
	D ^a M ^a Asunción Gudín Arias, Traballadora Social do Concello de Sarria
	D ^a Mari Luz Hermida Pernas, Secretaria-Interventora do Concello de Triacastela

A selección se leva a cabo polo procedemento de oposición libre; sendo ás 10:00 horas do día 02 de marzo se celebra o segundo exercicio de conformidade co disposto na convocatoria :

“OITAVA.- Sistema de selección e cualificación dos exercicios

*O procedemento de selección dos aspirantes constará dunha única fase:
Oposición.*

FASE OPOSICIÓN:

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio darase a coñecer coa publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

A oposición consistirá na realización de 3 probas de capacidade e aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes.

O exercicio das probas será obrigatorio e eliminatorio sendo eliminados os aspirantes que non alcancen como mínimo a metade da puntuación máxima outorgada a cada un dos exercicios

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

- SEGUNDO EXERCICIO

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver un ou varios supostos prácticos relacionados co traballo social. Poden incluír una ou varias preguntas





complementarias relativas a ditos supostos.

Cada resposta correcta puntuará 0,50 puntos e cada resposta errónea, 0,20.

O aspirante deberá acadar un mínimo de 10 puntos para superar esta fase.

Puntuación máxima 20 puntos.”

O segundo exercicio consiste na resolución de dous supostos prácticos relacionados coa parte específica do programa; cada suposto consta de vinte preguntas que teñen tres respostas alternativas .

Unha vez concluído o segundo exercicio, o tribunal procede á valoración do mesmo, co resultado que se relaciona:

NOME	PUNTUACION
FLAVIA RODICIO FUENTES	13,40
CRISTINA ALVAREZ OTERO	18,80
SILVIA LOPEZ MENDEZ	13,40
SONIA PEREZ VILABELLA	11,10
ELENA PEREIRA MOSCOSO	16,60
EMMA GARCIA LOPEZ	16,10

O tribunal advirte erro ao figurar dúas preguntas co numero 17, e acorda non contar unha pregunta errónea a cada aspirante.

O tribunal acorda establecer un prazo para presentación de reclamacións polos interesados de dous días hábiles a contar dende a publicación do resultado do segundo exercicio no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

Finalmente, se acorda convocar aos aspirantes que aprobaron o primeiro exercicio da fase de oposición, ao terceiro exercicio, o mércores día 10 de marzo ás 10:00 horas da mañá, no Concello de Samos.

Non habendo máis asuntos a tratar, se levanta a presente acta que se estende por triplicado exemplar e que como prueba de conformidade, asinan todos os asistentes.

D^a. Margarita Viña Santos

D. Rafael Castillo Reboiro

D^a Mari Luz Hermida Pernas

D. M^a Asunción Gudín Arias

D^a Luisa Fernández Pérez